

Informe de situación presentado pola Comisión Executiva

Somos os que estamos: o municipalismo galego e a solidariedade

Tralas eleccións municipais de maio de 2011 renovamos a Comisión Executiva do Fondo Galego asumindo a necesidade de preservar os valores e o patrimonio dos resultados acumulados pola entidade. Aínda nun contexto de crise económica severa, dicíamos contar cun feixe amplo e variado de boas razóns para afortalar o Fondo Galego como expresión orgullosa do municipalismo. A día de hoxe, esas boas razóns atópanse aínda máis vixentes ca entón.

Coma asociación de entidades locais galegas armamos unha institución recoñecida no ámbito europeo como modelo de boas prácticas (que durante o 2012 presentamos en dúas ocasións en Alemaña), tendo construído pontes de cooperación internacional centradas no local con Cabo Verde, Nicaragua ou Cuba, entre outros. Cando o noso exemplo cunde fóra máis argumentos procuramos para garantir a súa plena funcionalidade dentro. Por iso tamén concedemos importancia a fortalecer ás ONGD que en Galicia traballan por estas xustas causas por medio das nosas convocatorias de proxectos.

Como asociación de entidades locais galegas temos sido capaces de dialogar, participar e decidir en espazos onde se procuran eficacias e eficiencias con consenso, actitude que está na esencia do modelo acumulativo do Fondo e do sentido da súa propia orixe.

Co sistema de cotas mínimas temos repartido os esforzos desde bases humildes, que só coa ollada de longo prazo que un modelo de traballo como o Fondo permite, consegue transformacións e resultados reais, desde a calidade e transparencia das nosas accións.

Finalmente e como resultado característico e único do Fondo Galego debemos mencionar a *Rede Municipalista Solidaria*, que dá acceso, grazas ao traballo acumulado

e ao método de organización en rede, a moi variadas actividades dispoñibles para a cidadanía dos nosos Concello, (reducindo moi sensiblemente os custos para tod@s). Falamos dun servizo colectivo e municipal, a *Rede Municipalista Solidaria*, de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que durante o 2012 demostrou toda a súa capacidade operativa, sendo capaz de organizar 113 actividades involucrando a 71 entidades socias e a decenas de miles de cidadáns. Queremos expresar o noso recoñecemento a todos os seus integrantes, capaces de asumir unha tarefa máis que sen implicación mais alá do simplemente profesional non sería viable.

Sen embargo, a crise económica vén acompañada dunha crise institucional e social que ameaza con abanear a democracia local entendida como motor de desenvolvemento económico social e humano da nosa realidade máis próxima, limitando a capacidade de acción e de perspectiva da mesma.

A declaración institucional coa que o Fondo Galego abriu o ano 2012 “*A crise non poderá coa solidariedade do municipalismo galego*” partía do feito de que o sistema de cotas mínimas representa un gasto modesto para os nosos Concellos, que nada resolve na nosa contorna e que non por deixar de ser importantes, débense considerar achegas simbólicas, que iso si, cobran valor no agregado colectivo das mesmas e na súa realización no destino final.

Xunto a esta afirmación e desde o realismo da situación económica actual propuxemos metodoloxías abertas e flexibles para que ningún quedase atrás na súa participación no Fondo. Pese a esta disposición debemos constatar algunhas baixas, que hoxe debemos ratificar nesta Asemblea. Esta clarificación vennos a dicir que no Fondo estamos a día de hoxe os que somos, e que somos realmente os que estamos. O compromiso solidario non se pode aparentar e para que sexa real o Fondo Galego hoxe é o instrumento indispensable. De costas ao Fondo, practicar a solidariedade volvese irrelevante cando non irresponsable agora que todos e para todo debemos mancomunar esforzos.

Tamén a Xunta de Galicia decidiu a comezo do ano 2013 suspender o convenio de sensibilización que asinaba co Fondo desde o ano 2000, aínda que finalmente contemos aínda cunha liña de colaboración aberta na que tentaremos afondar, renovando as experiencias e os actores involucrados, mesmo contando co sector privado. Non tiramos a toalla. A sensibilización é un elemento clave para conseguir o entendemento e a complicidade cidadá.

Como Comisión Executiva continuamos abertos a explorar vías de colaboración que non fagan fetiche exclusivo das achegas económicas, mais que amosen unha implicación institucional sólida e vontade de pertenza ao Fondo Galego que dignifiquen o sentido da idea de *solidariedade* das nosas accións. Participar do Fondo é apostar pola democracia local con contido universal, desde Galicia e centrados nela cara o mundo.

Finalmente, debemos lembrar que máis alá de sermos solidarios coas sociedades do SUR, ou de dotar aos nosos Concellos de actividades vinculadas á educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, participar do Fondo Galego implica involucrarse nunha das estruturas máis sólidas da acción exterior de Galicia.

En resumidas contas, quixeramos agradecer a todos e a todas a participación e a confianza no Fondo Galego nestes tempos tan complexos e difíciles. O noso compromiso, por mínimo que sexa, vai permitir que o Fondo non só resista os embates da crise senón que se renove, amplíe e mellore o seu labor, afinando as súas accións e perseverando nos seus empeños. Non nos guía a busca de protagonismo senón a comprensión activa dos valores e ideais que recolleemos nesa Declaración Programática que recordabamos o ano pasado, ao tempo de cumprirse tres lustros da nosa existencia. Un alto nun camiño que continúa.